

Música, ferreñas e contos

Contra. de Tanxugueiras



Agora que andan triunfando as Tanxugueiras por todos cantos palcos e escenarios lles propoñen, é un bo momento para escoitar algunhas das cancións do seu disco Contrapunto, moitas delas xa ben coñecidas como “Perfidia”, “O querer” ou “Desposorio”.

Madeira e metal de Laura Rey Espasandín e Laura Romero

Este é un conto infantil e xuvenil no que se fala do poder da música para canalizar as emocións.



Florencio Delgado Gurriarán Día das letras galegas 2022

Poeta fundamental do exilio mexicano e da comarca valdeorresa.

Agora que vén o verán, é unha boa ocasión para achegarse ata Córghomo e coñecer a terra natal e a comarca que tan ben contou o autor nos seus poemarios. Estas son algunhas das súas obras.

- **Bebedeira**, Editorial Nós, 1934
- **Galicia Infinda**, Editorial Galaxia (colección Salnés), 1963
- **Cantarenas**, Edicións do Castro, 1981
- **O soño do Guieiro**, 1986

E se queredes saber máis del, temos varias obras na biblioteca do centro para levardes en préstamo.

Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta no exilio mexicano de Miro Villar



Florencio Delgado Gurriarán. Obra poética de Xosé Ramón Pena



<https://academia.gal/letras-galegas/2022/florencio-delgado-gurriaran>

E, por fin, chegou o verán

O Equipo da Biblioteca e o Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística do IES Lamas de Castelo animámvos a ler neste verán 2022. Boas vacacións!!!



De todo un pouco

Santoamaro de Antonio M. Fraga



Premio Jules Verne de literatura xuvenil 2020
Novela de aventuras, de amizades aparentemente firmes que poden chegar a romper por problemas inesperados. Intriga, misterio e realidade social.

Que tempos! de Xaquín Marín

Unha escolma atemporal que retrata a realidade galega e define o xeito que ten o noso debuxante de estar no mundo. Unha obra gráfica monumental repleta de intelixencia, humor e amor.




Aqueles momentos que perdemos de Xavier Estévez

Unha emotiva historia de amizade, descubrimento e misterio nun mundo de silencios.

Triloxía de viaxes

Ámote Leo A., Destino Xalundes e Terminal de... chegadas? de Rosa Aneiros



Catro amigos e unha gran viaxe. Este era o plan de Leo ao rematar os estudos universitarios. En cambio, todo se esborralla uns meses antes de partir, cando os seus colegas se botan atrás e Leo debe afrontar unha decisión transcendental: desistir ela tamén ou marchar. Decide seguir adiante co

plan e vivir moitas experiencias ben interesantes nas súas viaxes.



Traducións

Canto eu e a montaña baila de Irene Solà.



Traducido ao galego por María Alonso Seisdedos e gañador Libro Europeo do 2020.

Co eco da tradición, da memoria e da natureza, unha fermosa novela coral ambientada no Pirineo catalán

Miñán de Ibrahima Balde e Amets Arzallus Antia

Ibrahima é un adolescente nacido nunha aldea de Guinea, sen expectativas de futuro. Cando lle morre o pai, convértese no cabeza de familia e exerce diversas profesións, pero o seu soño é ser condutor de camións. Porén, o seu irmán pequeno Alhassane foxe da casa para perseguir o soño europeo, e Ibrahima ten que arriscar a vida para atopalo antes de que embarque nunha pateira e convencelo de que volva á casa.



Como ser famosa de Caitlin Moran

Unha novela sobre amizade, feminismo e a busca do teu lugar no mundo. Amor platónicos, música, cultura pop, pero tamén empoderamento da protagonista principal.